

ORDE do 14 de maio de 2021 pola que se establece o **réxime de axudas á apicultura** e se convocan para o ano 2021 (códigos de procedemento MR506A e MR506B).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210528/AnuncioG0426-140521-0001_gl.html

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MR506A>

PRAZO SOLICITUDES: 29/05/2021 ATA 28/06/2021

LIÑAS DE AXUDAS:

a) Liña A. Asistencia técnica a persoas apicultoras e organizacións de persoas apicultoras. A esta liña **só poderán optar as cooperativas apícolas, organizacións representativas e asociacións de apicultores con personalidade xurídica propia** (código de procedemento MR506B). **1º. Liña A.1.** Contratación de persoal técnico e especialistas para información e asistencia a persoas apicultoras **2º. Liña A.2.** Organización, celebración e asistencia a cursos de formación e formación continuada **3º. Liña A.3.** Medios de divulgación técnica, a través de folletos, catálogos e outras publicacións, así como de soportes audiovisuais e informáticos. **4º. Liña A.4.** Contratación de persoal administrativo.

b) Liña B. Loita contra as agresións e enfermidades da colmea. Todas as axudas poderán **ser solicitadas por persoas apicultoras e cooperativas apícolas, organizacións representativas e asociacións** de apicultores con personalidade xurídica propia, incluíndo cooperativas de segundo grao.

1º. Liña B.1. Tratamentos quimioterápicos contra a varroase. **2º. Liña B.2.** Tratamentos contra a varroase autorizados pola Axencia Española do Medicamento e Produtos Sanitarios que sexan compatibles coa apicultura ecolóxica. **3º. Liña B.4.** Uso de produtos autorizados para a alimentación das abellas co fin de mellorar a vitalidade da colmea e renovación e/ou purificación de cera. Esta liña subdivídese en: **a) Liña B.4.1.** Uso de produtos autorizados para a alimentación das abellas co fin de mellorar a vitalidade da colmea. **b) Liña B.4.2.** Renovación e/ou purificación da cera

4º Liña B.5. Adquisición de trampas e atraentes para a captura, eliminación e control de *Vespa velutina*.: **a) Liña B.5.1.** Adquisición de trampas e atraentes para a captura e eliminación da *Vespa velutina*. **b) Liña B.5.2.** Adquisición doutros métodos de captura, eliminación, disuasión e control de *Vespa velutina*, como os fondos sanitarios, as reixas excluíntes, sistemas de protección mediante redes, etc.

c) Liña C. Racionalización da transhumancia. Esta liña poderá ter como persoas beneficiarias, para as medidas C.3 e C.4, tanto a apicultura estante como a transhumante.

ORDE do 14 de maio de 2021 pola que se establece o **réxime de axudas á apicultura** e se convocan para o ano 2021 (códigos de procedemento MR506A e MR506B).

1º. Liña C.1. Adquisición, conservación e mellora dos medios de transporte. Material para o manexo das colmeas: guindastres, mallas de cobertura, cambio de colmeas para mellorar o seu rendemento, sistemas móbiles de extracción de mel e/ou pole, así como outros útiles e equipamento necesario para facilitar a transhumancia, a excepción de vehículos de transporte, combustible, produtos para a alimentación das abellas e cera. Poderá subvencionarse ata o 80 % do seu custo.

2º. Liña C.2. Sistemas de protección ou vixilancia antirrobo ou de xeolocalización das colmeas. Poderá subvencionarse ata o 80 % do seu custo.

3º. Liña C.3. Mellora e acondicionamento de asentamentos, camiños e sendas, incluíndo a incorporación de marxes florais e barbeitos melíferos que inclúan especies florais beneficiosas para a actividade das abellas melíferas e outros polinizadores. Poderá subvencionarse ata o 80 % do seu custo.

4º. Liña C.4. Cota do seguro de responsabilidade civil das colmeas.

d) Liña D. Medidas de apoio aos laboratorios de análise de produtos apícolas para

axudas ás persoas apicultoras para comercializaren e valorizaren os seus produtos.

1º. Liña D.1. Contratación de servizos de análise do mel e dos produtos apícolas por apicultores profesionais

e) Liña E. Medidas de apoio á repoboación dos efectivos apícolas.

1º. Liña E.1. Investimentos para a cría de raíñas (núcleos de fecundación, incubadoras, material para inseminación artificial de raíñas). **2º. Liña E.2.** Adquisición de raíñas de razas e/ou subespecies autóctonas para reposición de baixas, sempre que se cubran as necesidades financeiras para asistir as solicitudes da medida anterior.

f) Liña G. Seguimento de mercado.

1º. Liña G.2. Realización de estudos de mercado ou elaboración de proxectos piloto sobre novos produtos apícolas e/ou novas formas para presentalos, por parte das entidades apícolas que acrediten unha dimensión significativa, expresada como volume de mel producido e comercializado e fixada, se for o caso, pola autoridade competente.

INFORMACIÓN:

Consellería do Medio Rural. Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de Lugo. Servizo de Gandarías de Lugo. Teléfono: **982294534**